

Os xoves de Códax

Programación da Terraza

Martín Códax

2013

Bodegas Martín Códax presenta a II edición de “Os Xoves de Códax”, un ciclo de concertos que terá lugar na terraza-lounge da bodega.

A maridaxe entre o albariño e a música de artistas como Sés, Di Elas ou Mercedes Peón, serán os protagonistas das postas de sol en Martín Códax.



Bodegas Martín Códax presenta “Os Xoves de Códax”, un ciclo de oito concertos de artistas galegos de renome que permitirán descubrir aos asistentes novas formas de sentir e vivir os viños da bodega. Estas tardes de música e viño terán lugar todos os xoves de xullo e agosto na terraza de Bodegas Martín Códax a partir das **20.30 horas**, cunha duración aproximada de unha hora.

A terraza-lounge de Bodegas Martín Códax atópase no outeiro de Burgáns, Cambados, desde onde se divisa o Val do Salnés e a Ría de Arousa, un enclave privilexiado para gozar das postas de sol no verán.

Para poder asistir aos “Xoves de Códax” e tendo en conta que o aforo será limitado, é imprescindible reservar praza a través do correo comercial@martincodax.com, do teléfono **986526040** ou do **Facebook da Bodega**, deixando os datos persoais na aplicación correspondente.

Canda a música e a beleza do solpor, os asistentes terán tamén a posibilidade de degustar os albariños da bodega, unha maridaxe de luxo de novo este verán na terraza de Martín Códax.

Programación



Sés & Tito Calviño

Xullo 4

Sés é nestes momentos a artista revelación da escena galega. Se algo podemos destacar dela é o seu enorme carisma e forza persoal, xa de sobra amosada en centos de concertos e actuacións ao longo de toda Galiza, percorrendo diferentes escenarios, pobo tras pobo e cidade tras cidade. Aos poucos e grazas á transmisión boca-orella, a súa intensa personalidade e honestidade á hora de manifestarse, foi conquistando ao público cun caudal de enerxía que chama pola unión e o cuestionamento do establecido.

Na terraza de Martín Códax presentará o seu novo álbum, *Co xenio destrozado*, un traballo producido por ela mesma e feito con orgullo de identidade, frescura e vitalidade, que pretende concentrar nunha presa de cancións viscerais e apaixonadas a potencia do directo. Temas de cantautora vestidos de blues, rock e sons do continente hispanoamericano. No directo, Sés vai contar co seu guitarrista cómplice, **Tito Calviño**, que tamén a acompañou na gravación do disco nos estudos BRUAR da Coruña.

Formada na música e no baile tradicional, Sés é profesora e licenciada en Filoloxía Galega e Antropoloxía Social. En 2007 crea xunto a tres amigos a banda Chámalle Xis!, un dos grupos revelación daquel ano e un dos gañadores do concurso A Coruña Son, apadriñado por Santiago Auserón. Logo de colaborar con grupos coma Zénzar ou Xabier Díaz, publica no 2011 'Admirando a condición', o primeiro disco de Sés (o nome «caseiro» de María Xosé Silvar), un proxecto 100% en galego e 100% en feminino.



Mercedes Peón

Xullo 11

Peón (Galicia) está considerada como unha das mulleres máis carismáticas do circuíto da world music actual. Naceu en 1967 e aos 13 anos escoitou cantar a varias mulleres da Costa Da Morte. O tocar da pandeireta e o cantar da ribeirana foi o detonante para recoller as cancións, bailes, contos e vivencias dos seus contemporáneos habitantes das aldeas. Transmitiu todo ese coñecemento a través do ensino, nas escolas municipais, na Televisión Galega, e en Universidades como La Sorbone, O Porto, País de Gales, etc.

A variedade das súas composicións que arrancan desde a polirrítmia baixo a mirada dos ritmos máis ancestrais, culminan en temas eclécticos e descaradamente vibrantes, o seu amplo repertorio, o embruxo e a enerxía que se apodera de cada unha das súas actuacións, fan desta muller, unha aposta segura pola continuidade da escena etnocontemporánea en Europa.

Despois de profundar na tradición durante máis de 25 anos, no 2000 gravou o seu primeiro álbum chamado Isué. Expresouse libre de clichés, e espallouse polo eido internacional sen ningún esforzo mediático. Nos seus traballos posteriores – *Ajrú* no 2004 e *Sihá* no 2007 – as súas composicións levárona a unha particular atmósfera case rozando o electroacústico, facendo do resultado o seu sinal distintivo dentro e fóra das nosas fronteiras.

Os seus últimos traballos están en estreita colaboración con outras disciplinas como a danza -composición da música de "O Kiosco das almas perdidas" do Centro Coreográfico Galego; asesoramento sonoro e composición electroacústica para o espectáculo "Concerto desconcerto" da compañía Entremáns; composición de música para a obra "Solo dos" de Maruxa Salas- ou o cine -composición da música da longametraxe documental de Margarita Ledo "Liste, pronunciado Lister" e da curtametraxe "Cienfuegos 1913" da mesma autora-.

A finais do 2010, sae o seu cuarto traballo discográfico ...---... (*Sós*), música de vangarda, catalogado como maduro, fresco, sorprendente, creativo. Enxeñosa e profundamente conceptual, amósanos unha evolución ou un momento da súa carreira especialmente brillante. Creado, tocado, producido e mesturado por ela mesma, ...---... é un exercicio de microcomposición, onde o resultado final, maior que as partes que o conforman, eríxese como o traballo máis vangardista e contemporáneo dos editados ata o momento.



Teté Delgado & Martín Esturao

Xullo 18

Nesta sesión imos gozar da música dos cincuenta interpretada en acústico por dous animais escénicos. Dun lado, **Teté Delgado**, a carismática líder de Los Ciclonos, unha banda formada a comezos do 2009 versionando temas dalgúns dos grandes do Rock and Roll como Wynonan Carr, Brenda Lee ou Wanda Jackson, aínda que na actualidade a banda inclúe moitas cancións propias que ocupan gran parte do repertorio dos concertos. Musicalmente, o estilo de Teté y Los Ciclonos é Rock'n'Roll e Rhythm'n'Blues dos anos 50, pero posto ao día e sen complexos; o mesmo interpretan unha versión cañeira do "Bésame Mucho" composto por Consuelo Velázquez en 1940, que imprimen o seu selo nun clásico de finais dos 60, "Whole Lotta Love", firmado por Led Zeppelin ou no coñecido "Can't Buy Me Love" dos Beatles. Este último foi incluído no disco de 2010 "Homenaje 50 Aniversario The Beatles" onde aparecen grandes artistas como Miguel Ríos, Medina Azahara, Ilegales, Coque Malla, Los Mustang, Andrés Calamaro, Coti, Dyango, Manolo Tena, Los Escarabajos, Pancho Álvarez, Los Coronas ou a mesmísima Yoko Ono.

Acompañando a Teté Delgado estará **Martín Esturao**, vocalista e guitarra do dúo de Rock'n'Roll compostelán, Doctor Gringo. Xuntos van desplegar un repertorio que, partindo dunha base de auténtico Rock and Roll dos anos 50, suma influencias de todos os estilos próximos: a garra do Blues, a forza do Rockabilly, a maxia do Gipsy Swing, e a clase do Jazz e, nun repertorio composto por temas propios e revisións persoais doutras na súa maioría dos anos 50.

De acordo coa diversidade de influencias, chegan desde as más tenras e sensuais baladas, pasando polos máis puros sons negros ata o Rock and Roll máis desmelenado. Unha estética xenial, unida a unha posta en escena espectacular, é o que vai ofrecer este dúo cuxa actuación en directo non pasará desapercibida.

Di Elas

Di Elas

Agosto 1



Di Elas é unha banda de power-rock que puido ter nacido no ano 93 tras "Los Contentos" de Piti Sanz e "Los Huana" de Luís Tosar. Non foi así, e durante eses anos Piti e Luís compartirían outras experiencias con "Goldi" nos escenarios, baixo o nome de "Magical Brothers".

Di Elas tamén podería ter nacido no 2005 cando Piti e Luís Tosar atopan a Iván Laxe de "Skornabois", a Suso Alonso da "Psicofónica de Conxo", e a Ro Muñoz de "Groovefathers", coñecidos músicos galegos vinculados ao audiovisual, pero tampouco era ese o momento.

No 2008 todos eles se agrupan baixo "The Ellas", interpretando no directo, un repertorio con versións de grupos liderados por mulleres, construíndo un son propio como banda que os leva no ano 2010 a compoñer temas propios, agora si, tras o nome definitivo de DI ELAS.



Primordiais

Marcelo González e Luís Martíns

Agosto 8

Primordiais é o que resulta de xuntar os talentos de **Marcelo González**, profesor de danza e música tradicional da AFI (Aula Folque Infantil de Pontevedra), e mestre na Escola de Tempo libre Paspallás, músico e bailarador profesional en danza tradicional e contemporánea; e de **Luís Martíns**, luthier de arpas e músico.

Xuntos ofrecen un concerto atractivo, novo e motivador que axuda a redescubrir as rúas e prazas como espazos dinámicos e axeitados para gozar e participar da música e a danza como canle de interacción e integración. Achegan a música ao contorno cotián. Xeran un espazo de interacción e tolerancia, facilitando a comunicación entre persoas de diferente sexo, condición e procedencia. Promoven a comunicación e a improvisación musical como unha actividade multixeneracional.

Primordiais van transformar a terraza da bodega nunha desas prazas onde adoitan presentar a súa música, proporcionando unha serie recursos musicais de maneira lúdica e sinxela e creando entre os asistentes un espazo creativo e de libre expresión.



Diego Pacheco & Hugo Chamizo

Agosto 15

Dúo de guitarristas formado por **Hugo Chamizo** (cantaor) e **Diego Pacheco**. Con alma flamenca: Hugo Chamizo e Diego Pacheco interpretan diversos temas de artistas da guitarra española, moitos deles tan famosos como Triana, Camarón de la Isla ou Paco de Lucía, entre outros. Estes dous virtuosos da guitarra xúntanse para formar un dúo de guitarras potente e único. Un espectáculo cheo de arte, sentimento e paixón onde será imposible non dar palmas. No seu repertorio atopamos versións de Rumbas (El Zíngaro, La Tana, Gipsy Kings...), así como Sevillanas, Tangos, Alegrías e Bulerías.



Sumrrá

Agosto 22

Falar de **SUMRRÁ** é falar dunha realidade. Unha realidade que bota a andar no 2001, e que ata o momento non fixo mais que dar bos froitos. Como mostra, este cuarto disco que van presentar n'Os Xoves de Códax: "4.0". A proposta de **SUMRRÁ** é formalmente jazzística, pero toma aleatoriamente elementos doutros xéneros como o pop, o rock ou o folque, no seu empeño de "contar a historia ao seu xeito" por riba de todo, usando en cada intre as cores que estiman axeitadas para sazonar o seu discurso.

SUMRRÁ nacen libres e medran libres. A súa ética, e máis a súa estética son a improvisación e o xogo, pero esa frescura non disimula un alto nivel de composición propia, que os converte nun referente fundamental do jazz galego. Pero... quen son **SUMRRÁ**?

Manuel Gutiérrez, formado como pianista no Conservatorio de A Coruña, e alumno dos cursos de xente como Bill Dobbins, Dave Schinetter, Barry Harris ou Joan Enseñat, é na actualidade mestre na Estudio Escola de Música, e ademais de Sumrrá, forma parte de Victor Aneiros Band, Roberto Somoza Cuarteto, Marcelino Galán Quinteto, ademais de varios proxectos ca cantante Terela Gradín e outras múltiples colaboracións.

A formación do contrabaixista **Xacobe Martínez Antelo** é basicamente autodidacta, aínda que cursa estudos nos Conservatorios de Santiago e Vigo, e na Estudio Escola de Música de Santiago. Profesionalmente ten tocado dende rock, pop (Clan Moriarty, 3pies), folk e música tradicional (Mercedes Peón, Marful), blues (Victor Aneiros Band), teatro e variedades (Chévere, Banda Baliza, Ultranoites, Carlos Blanco), pero é ó jazz ó que adica maior actividade, como demostra o traballo que realiza en Xacobe Martínez Antelo Trío e o Xacobe Martínez Antelo Quinteto, a maiores de **SUMRRÁ**. Paralelos a estes tres proxectos, está a traballar tamén en U-lo Trío, Monkillos e Pin.Cirera.Legido.Martínez, e outras múltiples colaboracións noutras bandas de jazz como Marcelino Galán Quinteto, entre outras.

L.A.R. Legido é na actualidade músico, investigador sonoro e mestre de batería, expresión rítmica e improvisación na Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela. Fórmase dende moi novo no CEDI (Centro de Encontro para o Desenvolvemento da Improvisación, en Madrid) encamiñándose ao que será o seu principal foco de actuación e investigación: a improvisación. A súa experiencia non se limita só á música, senón que traballa con escultores, pintores, videoartistas, performers, etc... Toca en bandas como S.E.M. Big Band, Maruxa y Trío, Terela Gradín Quartet, Fat, KLK, Marcos Teira Cuarteto, Marful, Pin.Cirera.Legido.Martínez etc... É membro fundador de Parto, grupo de improvisación libre co que mantén varios frentes abertos: Huevopicoaraña (obra de percusión e voz para dúas batería) e Trancefusión (manipulación do aquófono, sistema inductor de gotas que á súa vez activan sons).



Uxía & Joao Afonso

Agosto 29

Uxía, é a voz do Atlántico. Máis de 25 anos de carreira artística convértena nunha das voces máis populares e valoradas da nosa música. Múltiples discos, centros de proxectos impulsados, importantes premios, e milleiros de colaboracións convértena por dereito na embaixadora da nosa música no mundo. Intérprete e tamén compositora, Uxía leva as cores de muller atlántica, alegre e brava, morna e fado, polo mundo adiante e retorna cargada de novas sabedorías musicais que vai compartindo con nós. N'Os Xoves de Códax, vainos agasallar cunha sesión case fraternal resultado da súa comunión e complicidade con **João Afonso**, un dos principais cantautores portugueses da actualidade.

Despois dunha serie de concertos de homenaxe ao gran Zeca Afonso, o seu tío, e despois do proxecto "Maio Maduro Maio" ao lado de José Mário Branco e Amélia Muge na década dos 90, João Afonso dedícase integramente á música, asumindo as súas propias composicións. Xunto a Pasión Vega, Luís Pastor e María Pagés. O seu primeiro disco de orixinais "Missangas" (1997), foi producido polo gran Júlio Pereira e recibe o premio de mellor voz masculina nacional nos Premios Blitz en 1998. Seguíronlle "Barco Voador" (1999), "Zanzibar" (2002), "Outra Vida" (2006) e "Um Redondo Vocábulo" (2009). En toda a súa carreira, João traballou con destacados músicos e intérpretes do panorama musical nacional e internacional, como José Mário Branco, Fausto Bordalo Dias, Amélia Muge, Júlio Pereira, Filipa Pais, Uxía, Luís Pastor, Mestisay, Pablo Milanés, Paco Ibáñez, Pedro Guerra ou Javier Ruibal, entre outros.

Uxía + Joao Afonso ofrecerán unha charla distendida, cantos e palabras para celebrar que á música lle corresponde comunicar a emoción -e o pensamento- deses lugares próximos (Galiza e Portugal), das cancións que están no ar e que son de tod@s. Cantar é unha forma de ofrecer a alma, de coñecérmolos. Lembrar tamén os cantos que nos foron aproximando dende que nos vimos pela primeira vez, os do seu tío Zeca que nos seguen a emocionar, e as nosas propias composicións inspiradas nesa raíz común. Cantaremos na nosa lingua e sentiremos o noso canto perto de Recife, Açores, Mindelo, Maputo, o Alentejo...;Tan diferentes e tan iguais!. Nunca camiñaremos en solitario, neses territorios aínda por descubrir...